

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009998	CEIP de Mosteiro-Bembrive	Vigo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI., pretende promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas e a súa contorna. Os obxectivos da área relaciónanse coa habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa, ética, adecuada e creativa.

A oralidade é o instrumento por excelencia para a comunicación; a expresión de vivencias, sentimentos, ideas ou emocións; a aprendizaxe e a regulación da conduta. Por iso, a súa adquisición e desenvolvemento ocupa un lugar de especial relevancia nesta etapa. Partimos de situacións de descubrimento de sons e de recoñecemento de fontes sonoras para progresivamente avanzar cara á adquisición da lingua oral, que se estimulará a través da interacción coas demais persoas, que ofertan modelos e dan significado ás diversas interaccións, o que favorece o acceso a formas e usos cada vez máis complexos, incluídos algúns elementos da comunicación non verbal. En calquera caso, a situación central da comunicación oral non pode ocultar a importancia fundamental que ten tamén nestes primeiros anos a comunicación non verbal. Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

A temporalidade das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa mestra. Atoparemos sete unidades didácticas (a modo de proxecto) que se desenvolverán ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballo nas outras unidades.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1			1				1
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.			1		1		1	
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.		1				1		1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1		1		1			
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1				1		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	FALADOIROS	<p>Unidade transversal: A través da expresión de ideas, sentimentos, emocións, pensamentos e vivencias e mediante o diálogo para a resolución de conflitos e a estruturación do coñecemento de si mesmo/a. Cando os nenos e as nenas traballan co adulto na procura, selección, tratamento e utilización da información a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>A adquisición de habilidades como saber expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar e respectar outros puntos de vista. Ademais, favorece a práctica do diálogo e da negociación como formas de resolver os conflitos. Implica dispoñer de habilidades para participar activamente na vida da aula como forma de iniciarse nunha participación cidadá posterior, ademais de construír, aceptar e practicar normas de convivencia.</p> <p>Tamén se abordan aspectos como o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos e a práctica de procesos de razoamento para resolver problemas da vida cotiá.</p>	80	X	X	X
2	ASÍ SOMOS	<p>Unidade transversal: céntrase nas dimensións persoal e social da nena ou do neno, entendidas como inseparables e complementarias, que se desenvolven e regulan de maneira progresiva, conxunta e harmónica, aínda que só adquire sentido desde a complementariedade coas outras dúas, xa que se produce nunha contorna física e natural determinada e precisa da utilización de distintas linguaxes e representacións da realidade.</p>	70	X	X	X
3	CHEGOU O OUTONO	<p>O marco natural no que vive o noso alumnado ofrece moitas ocasións para que os nenos e nenas, a partires da observación do seu contorno, adquiran variados coñecementos. O traballo sobre o outono acercará aos alumnos e alumnas ás características desta estación do ano, de maneira que poidan observar e comprobar os cambios e modificacións na paisaxe, traballar textos variados, cancións, poesías, etc.</p>	25	X		
4	O PASO DO TEMPO NAS FESTAS	<p>Durante o desenvolvemento desta unidade na aula, traballaremos una festa moi especial: o Nadal; non</p>	25	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O PASO DO TEMPO NAS FESTAS	como un feito illado e puntual, senón como unha celebración que forma parte das súas vivencias persoais, familiares, culturais e sendo conscientes do paso do tempo. Por outro lado, debido ao cambio climático que cada día é máis salientable, tamén será preciso estudar estes cambios con respecto a outros anos atrás.	25	X		
5	OS SERES VIVOS	Unidade transversal, que fai referencia ao descubrimento, exploración e comprensión daquilo que configura a realidade das nenas e dos nenos, considerando as súas múltiples relacións e interdependencias, coa finalidade de construír un coñecemento sobre o medio físico, natural e social cada vez máis axustado. O medio é un todo integrado, onde os elementos naturais e culturais se relacionan e se inflúen mutuamente. O medio natural e os seres e elementos que o integran son obxecto preferente da curiosidade e do interese infantil. Grazas á reflexión sobre as súas experiencias e relacións cos elementos da natureza, progresarán cara á observación e comprensión das manifestacións e consecuencias dalgúns fenómenos naturais, achegaranse ao coñecemento e valoración dos seres vivos, dalgunhas das súas características e das relacións que se establecen entre eles e cos seres humanos.	38		X	X
6	ENTROIDO DE INVERNO	Durante o desenvolvemento desta unidade na aula, traballaremos a chegada do inverno e a celebración dunha festa que, ao noso alumnado, lles gusta moito: o Entroido. Así, traballaremos os elementos típicos dos nosos Entroidos, os disfraces, os alimentos característicos da festa, etc. Durante o desenvolvemento desta unidade na aula, traballaremos a chegada dunha nova estación: o inverno. Moitos son os cambios que se veñen producindo no clima: chega máis frío, en moitas zonas xa neva, as nosas vestimentas son diferentes, etc.	16		X	
7	CHEGA A PRIMAVERA E DESPOIS O VERÁN	O marco natural no que vive o noso alumnado ofrece moitas ocasións para que os nenos e nenas, a partires da observación do seu contorno, adquiran variados coñecementos. O traballo sobre a primavera acercará aos alumnos e alumnas ás características desta estación do ano, de maneira que poidan observar e comprobar os cambios e modificacións na paisaxe, traballar textos variados, cancións, poesías. Prepararemos ao alumnado nunha estación que está próxima a chegar; dentro de pouco, comezan as vacacións de verán e prepararemos os útiles necesarios para ir á praia, os cuidados necesarios ante a exposición ao sol, a vestimenta adoitada, etc.	26			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	FALADOIROS	80

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso e colaborando na súa organización.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta correctamente.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	ASÍ SOMOS	70

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Emprega as expresións de convencións sociais básicas e unha linguaxe respectuosa coas demais persoas no intercambio comunicativo.	TI
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	CHEGOU O OUTONO	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta correctamente.	TI
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario..	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> </ul>

<b>Contidos</b>	
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O PASO DO TEMPO NAS FESTAS	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Emprega as expresións emocionais, as súas ideas e pensamentos a través de diferentes linguaxes.	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	OS SERES VIVOS	38

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando os as unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras.	TI
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.	
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.	



UD	Título da UD	Duración
6	ENTROIDO DE INVERNO	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	TI
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	CHEGA A PRIMAVERA E DESPOIS O VERÁN	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	TI
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo?	É quen de realizar grafismos, libres e/ou suxeridos, así como a escritura de diferentes palabras sinxelas coñecidas polo alumnado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A proposta metodolóxica será lúdica, activa, significativa e motivadora para o alumnado de 6ª E.I.

A liña metodolóxica aparece enmarcada nunha concepción construtivista da aprendizaxe. Por isto levarase á práctica as seguintes orientacións metodolóxicas: Partir dos coñecementos previos dos nenos/as e do seu nivel de desenvolvemento. Potenciar a aprendizaxe significativa.

Traballar dende unha perspectiva globalizadora. Favorecer a aprendizaxe activa. A consideración do xogo como a actividade propia desta etapa. Favorecer a creatividade, a capacidade de expresión, o interese e a individualización e socialización. Crear un clima de seguridade e confianza. O rol que debe asumir o profesorado. A coordinación entre todos os profesionais que interveñen. Favorecer a participación e colaboración coas familias.

As liñas de actuación metodolóxicas con relación a área de Coñecemento e Representación da Realidade, iran encamiñadas a:

Crear as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais.

Unha acollida afectuosa cara ás mensaxes das nenas e dos nenos, como requisitos básicos para a construción dun vínculo de apego que permita establecer interaccións a través do ollar, do xesto, do sorriso, da palabra, outorgándolle significados e integrando progresivamente os elementos da comunicación humana para darlles pleno sentido ás mensaxes.

O deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos . Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo. Debemos ter poi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (D.U.A.) ofertando dentro dunha mesma actividade diferentes maneiras de acceder á información, diferentes xeitos de expresarse e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

Unha organización e xestión flexible dos tempos comunicativos respectando os intereses, ritmos e particularidades das nenas e dos nenos.

A creación dun ambiente de comunicación pracenteiro no que a voz, cantada ou narrada, oferta continuos modelos lingüísticos variados.

O deseño de situacións de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos poidan empregar asiduamente os elementos básicos da comunicación oral, como a escoita atenta, o establecemento de quendas, darlle coherencia a un discurso.

A inmersión na lingua escrita que aproveite a elevada motivación das nenas e dos nenos sobre os distintos códigos e mensaxes xa presentes na súa vida cotiá.

Situacións de aprendizaxe onde a linguaxe musical e corporal vaian da man para un descubrimento e vivencia natural do son e das súas calidades.

Situacións de aprendizaxe que permitan a evolución das nenas e dos nenos desde posturas de recepción pasiva de linguaxes ata ser emisores cualificados en calquera delas, con especial énfase na narrativa audiovisual e dixital.

A introdución natural, cotiá e contextualizada dos medios de comunicación visual e dixital no centro de educación infantil, estimulando a participación das nenas e dos nenos en situacións comunicativas reais e plenas de significado.

O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

A especial valoración da biblioteca e da fonoteca do centro ou da aula como fontes de información e espazos para o lecer e a creatividade.

O equipo de infantil reuniuse ao comezo do curso pasado dada a necesidade de reorientar as pautas organizativas e metodolóxicas referidas a esta etapa educativa coa finalidade de adaptar as actuacións ás necesidades reais e actuais dos nenos e nenas, constituíndo así unha serie de propostas que comezarán a realizarse nese curso e que se prolongarán ao longo dos vindeiros anos para dar sentido a un ¿novo infantil en Mosteiro?. Ditas actuacións concéntranse en:

- Implantación dos momentos "¿faladoiro" como tempos de encontro co alumnado nos que compartir vivencias, ideas, opinións, sentimentos, inquedanzas, desenvolvendo sesións de titoría que contribúan ao traballo das habilidades socioemocionais.

- Instauración dun programa de estimulación temperá baseado nun programa de estimulación motriz no que o movemento sexa o eixo fundamental, desenvolvendo sesións de psicomotricidade e musica todos os días.

- Desenvolvemento do programa P.E.L.O. de xeito semanal pola especialista de Audición e Linguaxe, coa finalidade de estimular a linguaxe oral entre os cativos, cun carácter preventivo e de detección de dificultades. (Sempre que a dispoñibilidade horaria o permita).

- Implantación dos ambientes de libre circulación, coa finalidade de que o alumnado poda experimentar a partir de

diferentes propostas e provocacións con certa autonomía, liberdade e autorregulación da aprendizaxe.  
 - Introducción no traballo das habilidades STEAM, potenciando un desenvolvemento integral.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Material de xogo simbólico
Instrumentos musicais.
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas...).

Os materiais estarán en función das actividades que pretendamos desenvolver.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas do curso, mediante a observación. As familias serán informadas sempre que se estime necesario, especialmente nos casos nos que consideremos necesaria a realización de apoios. Tamén levaremos a cabo avaliación inicial ao comezo de novas aprendizaxes co fin de adaptar a resposta educativa as necesidades do alumnado.

Os procedementos a destacar para levar a cabo a avaliación inicial son os seguintes:

Análises dos informes persoais da etapa e dos cursos anteriores.

As Producións escritas libres do alumnado (debuxos...)

Observacións directas do alumnado a nivel individual e grupal.

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado terá en conta tanto o progreso xeral do alumnado a través do desenvolvemento dos distintos elementos do currículo... caracterizándose por ser global formativa e continua. Atenderá os diferentes criterios de avaliación da área que aparecen recollidos ao longo das unidades didácticas. Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Todos os nenos e nenas son diferentes en canto ó estilo e ritmo de aprendizaxe e ás súas motivacións e intereses, por iso, na miña aula adaptarei a práctica educativa ás características, necesidades, intereses e ritmo de aprendizaxe de cada un dos nenos/as.

As Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) refírense 2a aqueles alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo , ou por condicións persoais ou de historia escolar, podendo acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Neste proxecto, para dar resposta a estes alumnos e alumnas, adoptaránse e utilizaranse estratexias como as seguintes:

- . Organizar a aula de forma accesible, adecuando tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- . Utilizar unha metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P,E, de centro, seguindo os principios do D.U.A. e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- . Modificación do tempo das aprendizaxes
- . Adecuación da axuda pedagóxica
- . Adecuación das actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas.

Xa que logo, realizaranse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e que amplíen os doutros. Propoñeremos no material elaborado diversas posibilidades de actividades para desenvolver as intelixencias múltiples, o que amplía o abanico de posibilidades de intervir á hora de abordar cada contido concreto e específico. Os educadores e as educadoras seleccionaremos as actividades de reforzo ou ampliación convenientes para os alumnos e alumnas.

Preséntaremos un gran número de recursos didácticos para o desenvolvemento da linguaxe e das habilidades lóxico-matemáticas, actividades relacionadas co ámbito musical e psicomotor que, en todo momento, requirirá a colaboración da familia como complemento á atención á diversidade.

Para conseguir unha oferta educativa de calidade, en particular para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas específicas, os profesores e as profesoras da Educación Infantil colaborarán cos profesionais especializados necesarios, co fin de introducir as adaptacións adecuadas para a atención destes alumnos. Estas adaptacións poden ser non significativas si afectan a determinados elementos do currículo (metodoloxía, actividades, avaliación), pero non modifican os obxectivos; e significativas, si afectan aos elementos básicos da programación do nivel da Educación Infantil.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Loita contra a desigualdade e a discriminación por razóns socioeconómicas, de raza, sexo ou relixión	X				X	X	X
ET.2 - Consumamos responsablemente				X		X	
ET.3 - Protexamos o medio ambiente			X		X		X
ET.4 - Sexamos bos cidadáns e cidadás		X				X	
ET.5 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X		
ET.6 - Hábitos de control corporal.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Parque Forestal de Beade para coñecer máis de preto a estación do Outono.	Experimentación e vivenciación do outono no entorno do parque forestal de Beade.			
Visitar unha granxa.	Experimentación e vivenciación dos seres vivos no entorno natural dunha granxa proxima .			
Visita de persoa experta.	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.			
Contacontos.	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.			
Teatro	Asistencia a algunha sesión de teatro.			

**Observacións:**

De cara ao presente curso retomaremos as actividades complementarias, valorando ao longo do curso a súa selección atendendo á evolución da situación sanitaria na que nos atopamos, tendo sempre en conta priorizar as actividades ao aire libre.

No 1º trimestre as tres aulas de infantil realizarán unha saída ao Parque Forestal de Beade para coñecer máis de preto a estación do Outono, e ao longo do curso seguiranse a valorar outras actividades e experiencias desta índole (museos, teatros, parques) que permitan ao alumnado contactar coa contorna próxima e ver unha aplicación práctica das súas aprendizaxes.

Ademais, dada a experiencia satisfactoria do pasado curso coa saída que se realizou á granxa Kiriko a final de curso, este ano plantaxeráse unha experiencia similar na que os nenos e nenas podan gozar dunha xornada diferente na escola, convivindo cos seus compañeiros e compañeiras na contorna próxima e aprendendo da realidade que os rodea.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Correspondencia da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias.
Adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
Calidade da relación cos pais e titores legais.
Coordinación entre os profesionais.
Adecuación da organización da aula.
Calidade da interacción entre o alumnado nos agrupamentos da aula.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

#### Descrición:

A avaliación é un elemento curricular imprescindible que contribúe á mellora da calidade educativa. É unha actividade valorativa e investigadora, facilitadora do cambio educativo.

A avaliación na Educación Infantil permitiranos obter información sobre como se está desenvolvendo o proceso educativo dos alumnos e das alumnas para poder intervir adecuadamente.

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

---Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.--

## 9. Outros apartados